


ALDEAS DE BOGO, O REXURDIR POSTINDUSTRIAL

UNHA INICIATIVA DE ECONOMÍA CIRCULAR APLICADA
AO TERRITORIO



Ferrería de Bogo (s.XVI). Zona núcleo de rehabilitación

Propoñemos que a economía circular aplicada ao territorio rural debe sustentarse na recuperación do equilibrio ambiental que xeraba a cultura campesiña, xestora dos ciclos metabólicos e da biodiversidade.



cultura campesiña e industria rural

ECONOMÍA CIRCULAR

PRESENTACIÓN


A presente iniciativa busca a recuperación do legado preindustrial do concello de A Pontenova (Lugo) para afrontar o futuro desde o prisma da economía circular. Partindo da rehabilitación da 'Ferrería de Bogo', desenvólvese unha proposta integral que pretende superar a "cultura do abandono" a través dun cambio de paradigma no sistema de produción e consumo, propiciando un modelo de vida rural sostible e atractivo, ao fin, para novos poboadores.

OBXECTIVOS

- Recuperar o patrimonio industrial e poñelo de novo en funcionamento
- Poñer a producir as terras en desuso
- Impulsar o turismo cultural e activo
- Coidar o territorio, conservando a súa biodiversidade e a súa paisaxe
- Producir enerxía renovable para a autosuficiencia enerxética
- Xerar as condicións adecuadas para o mantemento e a creación de novas empresas no sector agroalimentario e da artesanía
- Atraer e integrar novos poboadores

INNOVACIÓN TERRITORIAL


Tomamos como factores de producción recursos do territorio actualmente desaproveitados (auga, terra, patrimonio, paisaxe, cultura, biodiversidade...) e combinámoslos aproveitando os saberes e a tradición preindustrial local para adaptalos a un presente que podemos chamar postindustrial. Isto faise, ademais, en base á “análise metabólica” da zona, o que posibilita un cambio de paradigma produtivo.




INTRODUCCIÓN DE ELEMENTOS INNOVADORES



Bioconstrucción



Acupuntura rural



Conexións improblabéis
